



CCOO INFORMA Nº 6

AXUDAS SOCIAIS DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO

Obxecto da axuda

Establecer axudas sociais extraordinarias a favor das persoas beneficiarias de pensións de xubilación e invalidez nas súas modalidades non contributivas, do Fondo de asistencia social e do subsidio de garantía de ingresos mínimos.

En que consiste a axuda?

A contía individual destas axudas está fixada en 218 euros; aboaranse mediante un pagamento único que se realizará de oficio, sen que se precise solicitude da persoa interesada.

Este pagamento efectuarase mediante transferencia bancaria na conta en que as persoas beneficiarias teñen domiciliado a percepción ordinaria da súa pensión.

Persoas beneficiarias

Serán persoas beneficiarias destas axudas sociais de carácter extraordinario aquelas que perciban pensións de invalidez e xubilación na súa modalidade non contributiva, as do fondo de asistencia social e as do subsidio de garantía de ingresos mínimos, nas que concorran os seguintes requisitos:

- a) Estar en situación de alta en nómina o 1 de xaneiro de 2023 ou estar en situación de alta en nómina con posterioridade a esa data pero con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2023 e permanecer nesta mesma situación de alta na data de entrada en vigor deste decreto.
- b) Ter a residencia habitual no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2023 e a data de entrada en vigor deste decreto. Igualmente, terán dereito ás axudas aquelas persoas que devindicasen o dereito á percepción e falezan durante o mes de publicación deste decreto, sempre que tivesen a súa residencia habitual en Galicia no momento de seu falecemento.

Máis información

Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

DOG número 58 do 23 de marzo de 2023. Consellería de Política Social e Xuventude.

Decreto 23/2023, de 9 de marzo, polo que se establecen axudas sociais de carácter extraordinario a favor de pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva, a favor de persoas perceptoras das pensións do fondo de asistencia social e das persoas beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos.